


NÚMERO 16// XANEIRO 2023

# CHÍO

NO CAMIÑO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGOSEMPRE

Obra de LOMARTI



## LOMARTI. Artista multidisciplinar.

### CURRICULUM RESUMIDO\*

1977. Primera exposición individual.

#### Muestras individuales destacadas:

Salamanca (Sala Rúa Mayor). Segovia (Torreón de Lozoya). Compostela (Casa da Parra). León(Museo Provincial). Barcelona (Galería Sargadelos), etc.

#### Muestras colectivas destacadas:

VIII Bienal Internacional de Pontevedra, I Bienal de Unión Fenosa, Bienal de Murcia, el Premio Gargallo de Zaragoza, etc.

1987 Arco, esculturas en el stand 212 de galería Natalia Soldevilla, juntamente con el pintor madrileño Luis Feito.

1990- Arco con un montaje de envasados al vacío, en el stand de Galería Trinta de Compostela.

Desde el año 1996 distintas performances por varios puntos de España.

Publicación en la editorial Tris Tram el libro de poemas ilustrados "Coroas de Mercurio".

Participa entre otros en los talleres:

1991- 4º Taller de escultura, Calatorao. Zaragoza..

1993- Primer Simposio de Escultura, Calatorao.Zaragoza.

2001- Primer Simposio de Escultura Española en Corea del Sur. Agosto.

Ultimas muestras individuales realizadas:

2005 Galería Biondella (Almagro, 30). Madrid.

2006 (Febrero) Museo de Arte Moderno . Tarragona

2007 Galería Biondella. Madrid , Fundación ArtSur Madrid y Galería Fernando Magdalena Vigo.

2009 (Enero) Feria Puroarte en Vigo con las galerías Metro de Santiago, Fernando Magdalena de Vigo y Nova Rúa de Lugo.

2009 (Febrero) Feria Dearte Madrid en el stand de la Fundación Feima.

2009 (Junio) Galería Metro de Santiago.

2011 (Febrero) Feria ArtMadrid, Stand Galería Metro y en el apartado Art Show con la instalación "Ausentes".

2012 (Abril) "Emoción mutante" performance del proyecto "Entolearte". Hospital psiquiátrico de Castro en Lugo

2013 (Abril/Mayo) Exposición y performance "A máquina do son" en Galería Aire Centro de Arte. Santiago de Compostela.

(Julio)Taller Abierto, del proyecto "Enredarte" del Museo de Lugo.

(Agosto. 20-25) I Simposio Arte e Natureza no Museo Pazo de Tor.

2014 (Mayo) Exposición "Esencias" Galería La Catedral. Lugo (Agosto) Exposición "Pura Pintura" Casa da Cultura. Chantada. Lugo.

2016 (Octubre-Noviembre) "Romper-Avanzar" Galería Metro. Santiago .(Mayo) "Ilusión Croma" Fundación Rodríguez Iglesias. A Coruña.(Abril) "Espectrografías duais". Galería Apóstrophe. Vigo

# PORADA INTEGRAL





# RECALCULANDO PERCORRIDO

Dí un poema de **Octavio Paz**:

"Las puertas del año se abren,  
como las del lenguaje,  
hacia lo desconocido.  
Anoche me dijiste:  
mañana  
habrá que trazar unos signos,  
dibujar un paisaje, tejer una trama  
sobre la doble página  
del papel y del día.  
Mañana habrá que inventar,  
de nuevo,  
la realidad de este mundo"

E, efectivamente, aquí seguimos: con cada **Chío**, inventando a realidade do mundo que temos más preto.

**MELINA LÓPEZ**

# LA TRASCENDENCIA DE LAS ELECCIONES A NIVEL LOCAL

TEXTO DE AGUSTÍN GALLEGOS




Los ayuntamientos han adquirido una importancia creciente en la última década, las transferencias por parte de las comunidades autónomas, con el consiguiente aumento de presupuestos debe ir acompañada de un aumento de la eficiencia y eficacia en la gestión; estamos en un momento donde debe prevalecer la gestión sobre la política.

En las próximas elecciones locales vamos a elegir los líderes políticos de la administración más cercana a los ciudadanos. En las grandes ciudades va a jugar un importante papel lo ideológico, no así en los ayuntamientos medianos y pequeños, donde una parte muy importante y significativa es el candidato y su equipo.

En estas elecciones debido a la tensión que se vive en la política nacional, se van a ver dos variables muy marcadas: los individuos y los partidos.

En estos tiempos, los partidos políticos están trabajando en proyectos y propuestas para desarrollar sus programas electorales. Deseamos sean programas serios, sensatos y realistas donde los votantes podamos evaluarlos con conocimiento y podamos votar bien informados para así, dentro de cuatro años, poder aplaudirles o sacarles los colores.



# Diferente

## Héctor Salvador

Primeiro español (de Lugo) en chegar ó máis fondo do planeta; descendeu case 11 km na viaxe submarina na Foxa das Marianas.



### Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Que é para ti o mar?

### E cal sería a resposta?

É a base da nosa propia existencia. A orixe da vida, a fonte do aire que respiramos, a base da cadea alimentaria, as raíces da nosa cultura. Sen un océano sano, desapareceremos como civilización e como especie...

### Unha película?

O Gran Azul (Luc Besson)

### Un actor?

Fernando Fernán Gómez

### Unha actriz?

Paquita Rico

### Unha canción?

Child in Time (Deep Purple)

### Un libro?

Solaris (Stanislaw Lem)

### Un autor?

Paul Auster

### Un articulista?

Ángela Posada-Swafford

### Un político?

O que saiba antepoñer as súas responsabilidades para co pobo que os elixiu sobre os intereses do partido...

### Un tempo?

A Alta Idade Media

### Un taco?

¡Carall!\*! Forma parte do ADN, mesmo cando falo en inglés.

### Alguén despreciable?

Os que hipotecan o futuro do noso planeta por gañar máis cartos no presente...

# MICROEFECTOS DRAMATÚRXICOS

EVENTO DO MES



Maria...veño do futuro e  
tedes que saber algo  
importante...

No 2013 non se  
dicia guapi...

Claro que si guapi! Do futuro...  
E que nos trouxeches..unha lejía??

A pesares de levar o apelido "dramatúrxicos", os episodios que representa este grupo, distan moito do que tradicionalmente pensamos, cando falamos de teatro.

As sesións que cada trimestre montan no Clavi, son sempre para non perder. Con catro pezas de curta duración e autoría "da casa", son quen de encher o local en todos os pases que anuncian. O segredo? A mestura entre o formato breve, as estupendas interpretacións, a sorna que destilan e o ambiente dun local mítico na noite lucense, fan que os espectadores acudan ás citas, deixando noite tras noite, o local repleto.

A proposta dos vindeiros 12 e 13 de xaneiro, ten de particular que convoca aos asistentes a unha "revisión" do mellor da historia dos **microefectos dramatúrxicos**, con ocasión do décimo aniversario.

Claro que non é preciso ter asistido con anterioridade, porque os pases sorprenden, aínda que xa coñezas o guión.

Xa que logo, saca a axenda e anota: trátase, sen dúbida, dunha cita a **#nonperder**

# Diferente

**Marta Rodríguez Engroba**

Presidenta de: Si, hai Saída contra a violencia de xénero.



**Que pregunta lle gustaría que lle fixese?**

Qué cambiarías de Lugo?

**E cal sería a resposta?**

O caciquismo e a dobre moral que críamos desaparecidas pero que están más presentes que nunca.

**Unha película?**

"La ta Tula"

**Un actor?**

Carmelo Gómez.

**Unha actriz?**

Lola Herrera

**Unha canción?**

"Todo cambia" (Mercedes Sosa)

**Un libro?**

"Contra el viento" (Ángeles Caso)

**Un autor?**

Almudena Grandes

**Un articulista?**

María Piñeiro, de El Progreso

**Un político?**

A día de hoxe, ningún.

**Un tempo?**

Sempre o presente, son moi práctica.

**Un taco?**

Me c.....en todo!!!!, pero soamente cando estou moi, moi cabreada.

**Que lle molesta?**

A hipocresía!

**Alguén despreciable?**

Quen exerce de cacique, abusando do seu pretendido poder, en xeral, e o perfecto exemplo que disto temos en Lugo, en particular.

# A TRIPLA QUE VALE UN CAMPIONATO ELECTORAL\*



Faltan apenas catro meses para a cita electoral local. Moitas familias enchen as redes sociais clamando por un arranxo para "o tema do Anexo". (1)

Se non sabes de qué falamos, probablemente sexa porque non teñas vinculación algunha co deporte da cidade. Doutro xeito, non se explica.

Xa que logo, gran cantidade de nenos/as (e non tanto) de Lugo pasan horas entrenando e competindo nesas instalacións. O pavillón situado ao lado do Pazo dos deportes, máis coñecido como "Anexo". Un lugar que presenta un deterioro explícito e que, de xeito reiterado, cae no saco do esquecemento institucional, unha e outra vez.

Canto de necesario resulta dispor de instalacións públicas (neste caso deportivas) e ser quen de facer un correcto mantemento delas!

De pouco vale ter unha mal chamada oferta de instalacións, se ao cabo, non cumplen as necesidades para as que se precisan, ou ben, non están en correctas condicións de uso.



E ista reflexión nace do problema co Anexo, si, pero é perfectamente extensible a instalacións e dependencias públicas de todo tipo: parques, edificios multiusos, xardíns infantís, ...


Como se dunha broma literal se tratase, poderíamos dicir que o caso do Anexo é unha bolla que pasa de man en man.

Anos leva o problema latexando: un lugar sen vestuarios nin aseos, onde a auga discorre polas paredes cando chove, non só en forma de goteiras (que tamén) e cun parqué en pésimas condicións, ...

Serán as eleccións municipais deste ano, o momento en que algún deses (cada vez peor chamados) representantes do pobo, quede co balón e decida marcar a tripla do ano?

(1) Durante semanas puidemos ler o sentir dos lucenses con respecto a este tema nas redes. Con data 26 de decembro 2022, o diario [El Progreso](#) titula "La pista del Anexo será de cemento de manera temporal. La Diputación asegura que acometerá el necesario cambio de parquet y, hasta que no consiga la licitación, dejará la pista en cemento para que se puedan usar las instalaciones para entrenamientos y competiciones".

s/c



# EVARISTO CORREA CALDERÓN

Seguindo a estela do proxecto dixital **Rueiro literario** ao que, por certo, fai un tempo adheriuse o IES Juan Montes, Chío decide pór en marcha esta sección chamada "Quen foi?", facéndoa extensible ao mundo cultural galego e coa intención de lembrar a historia dos/as ilustres, que podemos atopar nas rúas de Lugo.

Comeza así pois, a serie de lembranzas, ca figura de **Evaristo Correa Calderón**



**Correa Calderón** naceu en Neira de Rei, (Baralla, 1899) e foi escritor e tradutor ao galego, destacando especialmente na conformación do nacionalismo e a vanguarda literaria galega.

Estuda en Madrid, pero ao seu regreso a Galicia, en 1924, funda **Roncel**, revista poética.

Non só fixo publicacións propias, como o arriba sinalado "**Poemas sinxelos**" (o primeiro poemario vanguardista da cultura galega), senón que no eido da tradución colaborou con Vicente Risco para A Nosa Terra, levando ao galego a **Rilke, Rubén Darío** ou **Rimbaud**, por exemplo.

Foi incitador da modernización do repertorio do Cadro de Declamación da Irmandade da Fala d'A Coruña dirixida por Antón Villar Ponte

*"O sol escacha nas vidreiras  
con estrondo de lus  
na auga hai un vieiro  
que non sei para onde vai"*  
Extraído dos "Poemas sinxelos" (1917-21)

É considerado un pioneiro na tradución ao galego; de xeito, apostou pola creación dun «teatro íntimo» en galego para o que se traduciron textos dos autores más representativos da escena europea.



Rúa Evaristo Correa Calderón , en Lugo

# Diferente

## Juan Pedro Rubio

Otorrinolaringólogo, desenvolve o seu traballo no Hula e na Clínica Santo Domingo,



### Que pregunta lle gustaría que lle fixes?

Cree que el cambio climatco es una realidad?

### E cal sería a resposta?

Creo que es una realidad demostrada sobre la que habría que hacer mucho más.

### Unha película?

"La flaqueza del bolchevique"

### Un actor?

Luis Tosar

### Unha actriz?

Julian Moore

### Unha canción?

"Wish you were here" de Pink Floyd

### Un libro?

"Tokyo blues"

### Un autor?

Haruki Murakam

### Un articulista?

Enric Juliá

### Un político?

Felipe González

### Un tempo?

Los años ochenta

### Un taco?

Carallo

### Que lle molesta?

La soberbia

### Alguén despreciable?

El que excluye



# A BOCADOS

MELINA LOPÉZ

Nada mellor que arrancar unha nova sección da revista, polo final, poñéndolle o epígrafe "Despedida", pero inaugurando en xaneiro. Unha reviravolta, digamos, metalingüística.

"A bocados" pretende ser unha compilación gourmet, de carácter cultural, e co propósito non declarado oficialmente, de desencadear unha concatenación de ideas, arredor do contido da revista.

Seica parece todo moi tolo, pero o consello nestes casos é simple: deixense levar!

Diálogo da película "Hasta que llegó su hora" Sergio Leone:

- Hay una bañera llena al fondo. Tiene suerte. Sólo la han utilizado tres personas esta mañana.
- ¿Por separado o juntas?
- Se nota que usted es de buen vivir.

Tema musical "I know it's over", The Smiths

"And I know it's over – still I cling  
I don't know where else I can go  
Over and over and over and over  
Over and over, la...  
I know it's over  
And it never really began  
But in my heart it was so real!"

# UNHA DE ACLARADO!

**Chío** avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** ([www.lugosempre.com](http://www.lugosempre.com))

No referente aos **contidos** deste **Chío**, imos con certas puntualizacións:

- O \* referido a **LOMARTI**, está aí, ca teima de aclarar que tanto neste caso, coma nos anteriores, os CV dos artistas son transcripcións do que eles mesmos achegan a **Chío**. E así o compartimos aquí.
- O \* da reflexión lucense, introdúcese avivando o debate, nunca morto, acerca do binomio deporte-cultura e ca línea de unión que supón para **Lugo Sempre**, coma observatorio político, dar conta destas condicións nunhas instalacións deportivas en Lugo, cidade que conta con tres deportes disputando competicións nas súas máximas categorías.



- O extracto do poema de **Octavio Paz** (nas notas da editora), pertence a "Primero de enero", da obra: "Árbol adentro, 1987.

Como é habitual en **Chío**, no referente ás **imaxes**, especificamos que todas son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, no caso que proceda. A imaxe do Anexo, fíxose pública no perfil social @miguirofer en Twitter e nós trasladámola nestas páxinas.

**Coordina e dirixe Chío,**  
**Melina López.**



@lugosempre



LugoSempre

